

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de xuño de 2017, polo que se designa a persoa titular do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 30 de maio de 2017 creouse por disposición administrativa o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 120, do 31 de maio de 2017), que entrou en vigor o 1 de xuño de 2017.

Segundo se establece no artigo 3 da dita disposición administrativa, a persoa titular do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia deberá ter a condición de funcionaria do Parlamento de Galicia, posuír a licenciatura ou o título de grao en Dereito e unha experiencia profesional acreditada no eido do Dereito Administrativo relacionado directamente coa contratación pública, de cando menos dez anos.

A Mesa do Parlamento de Galicia designará a persoa titular do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

Designar titular do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia a D. Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado oficial maior do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º